

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

- **COMPRENSIÓN ORAL** (Listening) - 25%
- **PRODUCCIÓN ORAL** (Speaking) - 20%
- **COMPRENSIÓN ESCRITA** (Reading) - 25%
- **PRODUCCIÓN ESCRITA** (Writing) - 20%
- **CLASSWORK** - 10%

RESOLUCIÓN do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2024/25.

Para obter unha avaliación positiva é necesario que a suma dos criterios de cada un dos cinco bloques acade polo menos unha cualificación de 5 sobre 10. A cualificación final obterase calculando a media aritmética dos tres trimestres. Para a nota final, o profesor terá en conta, non só os resultados acadados nas distintas avaliacións, senón tamén a constancia no traballo e o progreso baseado no esforzo continuo ao longo do curso.

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas.

Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar o módulo realizando unha proba final de **comprensión oral / escrita (60%) e produción escrita/oral (40%)**.

Logo da recuperación final das tres avaliacións en maio/xuño o alumnado que non obteña unha cualificación positiva ou o alumnado con perda de dereito a avaliación continua terá a oportunidade de recuperar o módulo realizando unha proba final extraordinaria en xuño, nas datas fixadas pola dirección do centro. Esta proba constará de **comprensión oral/escrita (60%) e produción escrita/oral (40%)**.